



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 25 de abril de 2019

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e corenta e cinco minutos do día vinte e cinco de abril de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(334).- RATIFICACIÓN DE URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(335).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO PARA A CELEBRACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “WORLD PADEL TOUR CONCELLO DE VIGO”, ORGANIZADO POR SETPOINT EVENTS S.A. EXPTE. 18269/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico e o de fiscalización, ambos do 25/04/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Deportes, e polo concellerio-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

En base as consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade, de data 12 de abril de 2019, que consta no expediente, o Concelleiro delegado de deportes en data 12 de abril dispón que se inicie expediente administrativo para a execución dun contrato de patrocinio publicitario para a “World Padel Tour Concello de Vigo 2019” organizado por Set Point Events S.A.

O contrato responde ao exercicio das competencias municipais na medida en que os artigos 25.1 e 25.2.l. da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades para promocionar e difundir os valores sociais e culturais implícitos na acción do deporte.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

–Informe de necesidade e idoneidade, asinado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo, de data 12 de abril de 2019.

–Memoria xustificativa do contrato de data 24 de abril de 2019 asinada polo Xefe do servizo de deportes-Director deportivo.

–Prego de Prescricións técnicas particulares de data 12 de abril de 2019, asinado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo

–Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 25 de abril de 2019.

II.- Condicións definitorias do contrato

II.1.- Obxecto e natureza do contrato

O obxecto deste contrato é o patrocinio publicitario do “WORLD PADEL TOUR CONCELLO DE VIGO”, organizado por SETPOINT EVENTS, S.A., proba que forma parte do circuíto internacional de pádel “World Padel Tour”.

O expediente cualifícase de contrato de patrocinio publicitario de acordo co artigo 22 da vixente Lei Xeral de Publicidade, e se considera como un contrato privado, xa que o mesmo non ten cabida en ningún dos contratos recollidos no artigo 12 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En cumprimento do art. 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, os aspectos relacionados coa natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o presente contrato, así como da idoneidade do obxecto e contido, son os definidos no informe de necesidade, así como no do informe proposta que contén a memoria xustificativa do contido



Concello de Vigo

do contrato que constan no presente expediente, e consisten en satisfacer a necesidade pública de promover o deporte e promocionar e difundir a acción municipal en prol do seu fomento e dos seus valores sociais.

II.2.- Réxime xurídico e procedemento de adxudicación

Este contrato cualifícase como de patrocinio publicitario, de conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade, e ten a consideración de contrato privado consonte ao disposto nos artigos 24 a 26 da LCSP.

Rexerase, en canto á súa preparación e adxudicación, por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante. En canto aos seus efectos e extinción, rexerase polo dereito privado.

O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, SET POINT EVENTS S.A., que ten a exclusiva do evento.

A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.

II.3.- Prezo e valor do contrato

A proposta fundaméntase, entre outros aspectos, unha identificación dos valores de identidade da propia Cidade a través dun aspecto de interese social e de carácter universal e transversal como é o deporte, xa que este proxecto ven a destacar o gran valor de Vigo como cidade acolledora de grandes eventos deportivos de nivel nacional e internacional.

A valoración para o patrocinio se fundamenta nunha serie de accións que abarcan, ademais de todos os actos propios da organización do evento na cidade, actuacións de promoción previa e posterior á celebración do mesmo, que van dende a difusión preliminar do evento como parte do Circuito internacional World Padel Tour, que se desenvolve en 12 sedes a nivel nacional e 9 países diferentes, que busca a máxima dinamización do acto para o seu coñecemento, ata a difusión en redes sociais, cun seguimento de mais de 624.000 persoas no ano 2018, e o propio acontecemento, que se desenvolve ó longo de 6 días nos que se desenvolve tanto a fase previa como as finais do torneo.

O proxecto desenvolve complementariamente unha serie de accións de comunicación e difusión a través de redes sociais. Esta difusión se realiza a través da dinamización a través da prensa escrita, GOL TV, con retransmisión en directo dos partidos de maior interese ou a

dinamización a través dun canal de Youtube, con mais de 109.000 espectadores no ano 2018, superando en suscriptores a outras competicións de ámbito internacional.

A proposta para o desenvolvemento do contrato de patrocinio publicitario co Concello de Vigo, para o proxecto do "WORLD PADEL TOUR 2019", establécese en 139.000,00 euros (ive incluído). O citado importe como orzamento base de licitación considérase adecuado en relación ó obxecto do contrato e a súa estimación, correspóndese favorablemente para o Concello de Vigo como Patrocinador, xa que polo orzamento definido o Concello de Vigo non tería capacidade propia para o desenvolvemento do proxecto obxecto deste expediente.

En consecuencia, o prezo certo do contrato, en cumprimento do artigo 102 LCSP, estímase axeitado en base ao **retorno** que obtén este Concello na difusión da súa imaxe, como expoñente deportivo de primeiro orde, que lle permitirá alcanzar e desfrutar dun alto grao de notoriedade nos días previos e posteriores ó evento nas diferentes insercións, ademáis de que a cuantificación das mesmas exceden amplamente a cantidade finalmente aboada co contrato.

O prezo do contrato que servirá como base da negociación é dun total de 139.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 24.123,97 euros..

O gasto terá unha imputación a aplicación orzamentaria 3410.2279904 (Contrato de Patrocinio) do vixente orzamento para o ano 2019.

II.4 Aspectos do contrato obxecto de negociación

O artigo 170.2 da LCSP determina que no caso de que unicamente participe un candidato, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con el os termos do contrato.

Dada a natureza do obxecto do contrato, e dada a imposibilidade de negociar sobre o desenvolvemento da produción do evento, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma.

Pode considerarse que o prezo fixado no contrato é axustado, tendo en conta os cálculos e as referencias de tempadas pasadas detalladas na proposta presentada por SETPOINT EVENTS S.A., nos que fai referencia a un "retorno" de 4,5€ por cada euro invertido.

O único criterio de adxudicación será a redución do prezo do contrato.

II.5 Revisión de prezos

Non procede.



Concello de Vigo

II.6.- Esixencia de Clasificación

Non se contempla.

II.7.- Subcontratación

Admítese a subcontratación. Non se determinan tarefas críticas.

A subcontratación rexeráse polo disposto nos artigos 215, 216 e 217 e a Disposición Adicional quincuaxésima primeira da Lei de Contratos do Sector Público.

II.8.- Prazo de execución e prórroga:

O prazo de execución será de oito meses. O cómputo do prazo iniciarase o 1 de maio de 2019. Se o contrato se formalizase con posterioridade a esta data reducirase o prazo de execución, xa que o contrato rematará o día 31 de decembro do mesmo ano.

De acordo co obxecto do contrato, non se establece opción de prórroga.

II.9.- Modificación do contrato

Non se contempla.

II.10.- Responsable do Contrato

O responsable do contrato será a o Xefe do Servizo de deportes-Director deportivo.

II.11- Seguridade

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que dea cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das actuacións obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 300.000,00 €.

II.12.- Condicións especiais de execución:

Considerarase condición especial de execución a obriga do contratista de estar ao corrente dos pagamentos cos seus subcontratistas e subministradores, así como a adopción de medidas pola empresa adxudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato.

II.13.- Solvencia

- - Solvencia económica e financeira:

Acreditarase mediante unha declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios,

no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao valor estimado do contrato.

- - Solvencia técnica e profesional:

Deberá achegarse unha declaración do empresario sobre os eventos deportivos de natureza semellante organizadas nos tres últimos anos.

III.-Proposta

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario do World Padel Tour Concello de Vigo 2019, a mercantil Setpoint Events S.A., como organizador exclusivo do evento.

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo, de data 12 de abril de 2019.

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data de 25 de abril de 2019.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 139.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 24.123,97 euros.

· O gasto imputarase a aplicación orzamentaria 3410.2279904 (Contrato de patrocinio).

· O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo art 101.1 LCSP é de 114.876,03 euros.

Quinto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.



Concello de Vigo

Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(336).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA “FASE FINAL DA COPA DE EUROPA – PROXECTO EUROLIGA 3–2019”. EXPTE. 18250/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17/04/19 e o informe de fiscalización do 24/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 17/04/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Deportes, e polo concellerio-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- No exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio convenio se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen, no que ao presente convenio importa, aquelas actuacións encamiñadas a potenciar o deporte como un elemento integrador, posibilitando a consolidación das novas demandas sociais.

2.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade deportiva na cidade.
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interese deportivo na cidade de Vigo.
- Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.
- Colaborar con proxectos que poñan en valor modalidades de arraigo na cidade de Vigo.
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

3.- En relación ó desenvolvemento e promoción de programas de promoción deportiva na cidade de Vigo, débese resaltar a gran demanda, asistencia e participación que teñen na cidade; nos atopamos que a celebración de grandes eventos deportivos que supoñan establecer referencias deportivas do máis alto nivel en Vigo, conforman unha importante proposta e fundamentan a oportunidade de xerar novos proxectos que podan contribuír, fundamentalmente, a impulsar e potenciar a participación da cidadanía no ámbito deportivo.

A celebración do Campionato de Europa Euroliga 3 de Baloncesto en Cadeira de rodas, converterá á cidade de Vigo durante a súa celebración no centro de atención do Baloncesto no ámbito nacional, cunha enorme repercusión, ademais, no ámbito internacional, dada a participación dos 8 mellores clubs europeos, con preto de 175 deportistas, e asistencia de mais de 4.000 persoas de público, tendo en conta ademais que o baloncesto en cadeira de rodas constitúe unha modalidade integradora en todo o mundo, convertendo a competición nun espectáculo deportivo de gran nivel e competitividade seguido por numeroso público, facendo que Vigo sexa, durante a súa celebración, o epicentro do baloncesto.

A cidade de Vigo ademais, conta cunha longa tradición de baloncesto en cadeira de rodas, coa celebración ó longo da súa historia de competicións do máis alto nivel internacional.

A importancia deste evento de promoción radica ademais no impulso que supón para unha modalidade historicamente moi arraigada na nosa comunidade en xeral, e na nosa cidade en particular, na que tradicionalmente houbo unha gran afección a este deporte.

4.- No devandito protocolo de colaboración convénse que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

5.- O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos anos, pretende executar o seguinte proxecto deportivo:

Investimento
–Campionato de Europa Euroliga 3, coa participación de máis de 140/150 participantes do ámbito europeo, que adestrarán entre o 24 e 25, e disputarán os partidos oficiais do campionato dende o 26,27 e 28 de Abril de 2019 en Vigo.

6.- Co obxecto de proceder ó desenvolvemento deste proxecto, detállanse as seguintes especificacións resumidas:



Concello de Vigo

Investimento
Campionato de Europa Euroliga 3
Obxecto da actuación:
Desenvolver o Campionato de Europa Euroliga 3 coa participación de máis de 140/150 embarcacións do ámbito europeo que adestrarán entre o 24 e 25, e disputarán os partidos oficiais do campionato dende o 26,27 e 28 de Abril de 2019 en Vigo
Alcance económico da actuación:
30.000,00 €

7.- En data 06.03.19 o Concelleiro delegado de Deportes, resolveu iniciar o expediente para a elaboración e aprobación de ser o caso por parte do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra dun convenio para o financiamento e a execución das actuacións precisas para o desenvolvemento do proxecto de promoción deportiva na Cidade proposto neste expediente.

8.- O Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, co conforme do Concelleiro delegado de deportes, á vista do protocolo de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a execución de actuacións estratéxicas encamiñadas a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio convenio se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen, no que ao presente convenio importa, aquelas actuacións encamiñadas a potenciar o deporte como un elemento integrador, posibilitando a consolidación das novas demandas sociais, cuxo obxecto é articular o réxime de colaboración entre o Concello e a Deputación para o financiamento dos investimentos vinculados ao presente convenio.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- O artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe ás Administracións municipais competencia propia, no que ao presente convenio importa, aquelas actuacións de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

II.- Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

III.- Os artigos 88 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJPAC), 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) e o artigo 34 da Lei 9/2017, de 8 de

novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 contemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

IV.- O artigo 6 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, regula como excluídos do ámbito subxectivo da mesma, os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública de elas dependentes e as entidades con personalidade privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

VI.- O convenio consta dunha parte expositiva e once pactos. O obxecto do convenio é establecer e concretar o réxime de colaboración entre o Concello de Vigo e Deputación Provincial de Pontevedra para o financiamento do desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva a través da organización dun acontecemento deportivo, que se relaciona no mesmo. Os pactos que se incorporan ao mesmo estímense conformes ao interese público municipal.

III.- Convenio

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 6 Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común (LRXAPPAC), sinalando o apartado segundo do mesmo o contido propio dos instrumentos de formalización dos convenios, así como 194 e 195 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia

En canto ó seu *contido*, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art 199 LALG.

O Convenio regula as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para o financiamento do desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva a través da organización dun acontecemento deportivo, que se relaciona no mesmo

Os investimentos vinculados ao presente convenio serán definidos nos correspondentes proxectos técnicos que concretarán as actuacións a realizar.



Concello de Vigo

En todo caso, o proxecto dos investimentos a desenvolver terá relación directa con:

Desenvolvemento do Campionato de Europa Euroliga 3 de Baloncesto en cadeira de rodas, coa participación dos 8 mellores equipos no ámbito europeo que adestrarán entre o 24 e 25, e disputarán os partidos oficiais do campionato dende o 26,27 e 28 de Abril de 2019 en Vigo, cun orzamento previsto de 82.200,00 €.

IV.- Procedemento e competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, informe técnico, memoria do convenio e texto do mesmo e informe xurídico.

Que o artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe ás Administracións Municipais competencia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O art. 8.1. letra “b” da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

V.- PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA “FASE FINAL DA COPA DE EUROPA – PROXECTO EUROLIGA 3 - 2019”, transcrito no Anexo da presente.

Segundo.- Dar conta á Deputación provincial de Pontevedra da aprobación do convenio que se anexa para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva do baloncesto en cadeira de rodas a través da organización do Campionato de Europa Euroliga 3 e solicitar a súa subscripción.

Terceiro.- Tras a firma do presente convenio iniciárase a tramitación administrativa conducente a cumprimento dos terminos do convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Anexo I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA “FASE FINAL DA COPA DE EUROPA – PROXECTO EUROLIGA 3 -2019”

En Vigo, __ de _____ de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

E actuando Dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, e Don Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- Que, no exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un Protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio Protocolo se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen nos que ao presente convenio importan os de promoción do deporte.

II.- Que no devandito Protocolo de colaboración establécese que as distintas actuacións previstas desenvolveranse a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá



Concello de Vigo

observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes. No apartado IV do citado Protocolo expónse que a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo desenvolverán a colaboración para a realización de actuacións, das que se considerarán prioritarias en materia do deporte, aquelas encamiñadas a potenciar a consolidación do deporte como un elemento integrador que posibilite a consolidación das novas demandas sociais.

III.- Que a promoción do deporte se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n) da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. Pola súa banda a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31 da Lei 7/1985, de 2 de abril, encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos.

Asemade, o artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, atribúe aos municipios, entre outras competencias, o fomento e difusión do deporte, ou a colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas. Pola súa parte, o artigo 7 do mesmo texto legal, atribúelle ás Deputacións provinciais, entre outras competencias, o fomento, promoción e difusión do deporte, ou a colaboración cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas.

IV.- Que a cidade de Vigo acollerá a “*Fase Final da Copa de Europa – Proxecto Euroliga 3 – 2019*”, como xa ocorreu nas temporadas 2005/2006, 2008/2009 e 2016/2017. A organización deste evento supón a difusión, a nivel nacional e europeo, da cidade de Vigo e a promoción do deporte do baloncesto en cadeira de rodas.

V.- Que a “*Fase Final da Copa de Europa*” supón a concentración na cidade de Vigo de 8 equipos europeos da máxima categoría, así como xuíces e árbitros internacionais e distintos delegados das Federacións Nacionais e Internacionais. Por todo o referido, a celebración deste evento ven reforzar á cidade de Vigo como referencia no deporte de baloncesto para persoas con discapacidade. Asemade, o carácter internacional deste evento e a afluencia de visitantes de todo o mundo, supón unha oportunidade para a promoción non só da Ría e da cidade de Vigo, senón tamén das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra en xeral, como lugares plenamente accesibles e potenciais destinos turísticos tamén para persoas con problemas de mobilidade.

VI.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento do Protocolo de colaboración citado anteriormente, que contempla como un dos seus obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de fomento e a promoción do deporte, acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os comparecentes, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo para o desenvolvemento da “*FASE FINAL*”

DA COPA DE EUROPA – PROXECTO EUROLIGA 3 – 2019”, que se celebrará na cidade de Vigo entre o 24 e o 28 de abril de 2019.

SEGUNDA.- FINANCIAMENTO DO CONVENIO

O importe ao que se refire o presente convenio, atende ás necesidades de desenvolvemento da citada “FASE FINAL DA COPA DE EUROPA – PROXECTO EUROLIGA 3” durante o ano 2019, que conta cun orzamento total de OITENTA E DOUS MIL DOUSCENTOS EUROS (82.200,00 €).

1.- A Deputación Provincial comprométese a achegar, para a execución do evento deportivo obxecto deste convenio, a cantidade máxima de CINCO MIL EUROS (5.000,00€).

O pago da anualidade do 2019 realizarase contra a aplicación 2019/942.9420.462.14 do orzamento provincial- A Concellos-Actividades (Vigo-Pontevedra).

2.- O Concello de Vigo obrígase a achegar a contía de VINTE E CINCO MIL EUROS (25.000,00€) para a realización da “Fase Final da Copa Europa – Proxecto Euroliga 3 – 2019”. A tal fin e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, o Concello de Vigo comprométese a dotar crédito nas aplicacións correspondentes.

O pago da anualidade do 2019 realizarase contra a aplicación 3410.489.00.01 do orzamento do Concello de Vigo.

As financiación s comprometidas pola Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo terá carácter definitiva consonte á táboa que se inxire a continuación:

INVESTIMENTO	EXERCICIO 2019
Achega da Deputación de Pontevedra	5.000,00 €
Achega do Concello de Vigo	25.000,00 €
TOTAL	30.000,00 €

No caso de que actuación teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do actuación, o financiamento reducirase proporcionalmente.

TERCEIRA.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º.- A execución do presente convenio e o seu financiamento pola Deputación Provincial e o Concello de Vigo terá lugar coa desagregación que se establece na cláusula segunda deste convenio de colaboración.

2º.- O Concello de Vigo redactará unha proposta de convenio de colaboración co CLUB DEPORTIVO AMFIV, CIF G36711380, para a celebración en Vigo, entre os días 24 e 28 de abril, da “FASE FINAL DA COPA DE EUROPA – PROXECTO EUROLIGA 3 – 2019”.

3º.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial, a data e a hora en que terá lugar a súa sinatura, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial. En todo caso, o Concello de Vigo remitirá unha copia do texto do



Concello de Vigo

convenio á Deputación.

4º.- A Administración municipal remitira á provincial, a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Clube Deportivo Amfiv.

5º.- A Deputación Provincial someterá o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Clube Deportivo Amfiv á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos, e se o estima oportuno, poderaos someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.

6º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

7º.- En todo caso, a achega ao Concello de Vigo farase efectiva mediante transferencia bancaria, que será librada contra a presentación das correspondentes das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial, e na parte proporcional do financiamento. Asemade, as actuacións estarán sometidas á comprobación explícita da execución das prestacións por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial. Para a súa percepción será preciso presentar a seguinte documentación:

- copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local e do texto do convenio asinado entre o Concello de Vigo e o Clube Deportivo Amfiv para a celebración en Vigo, entre os días 24 e 28 de abril, da "*FASE FINAL DA COPA DE EUROPA – PROXECTO EUROLIGA 3 – 2019*".
- memoria explicativa e detallada das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada, con mención dos resultados obtidos e identificación do asinante;
- informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo competente do Concello;
- facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello;
- conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;
- memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;
- certificación de pagamento a favor do Clube Deportivo Amfiv, asinada polo Tesoureiro do Concello de Vigo;
- acreditación da difusión dada á colaboración da Deputación no financiamento da actividade;
- declaración responsable de que os gastos e ingresos que figuran na conta xustificativa se destinaron á actividade obxecto do convenio, dos ingresos obtidos e de que as subvencións ou axudas obtidas non superan o custo da actividade.

- calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

CUARTA.- COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vigo obrígase a:

- Redactar unha proposta de texto de convenio, entre o Concello de Vigo e o Clube Deportivo Amfiv para a celebración en Vigo, entre os días 24 e 28 de abril, da “*FASE FINAL DA COPA DE EUROPA – PROXECTO EUROLIGA 3 – 2019*”.
- Aprobar o texto do convenio co Clube Deportivo Amfiv, pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial e máis do convenio.
- Xustificar perante a Deputación, as actuacións as que se refire as prestacións executadas mediante a presentación da documentación acreditativa dos gastos.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

QUINTA.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación de Pontevedra obrígase a:

- Financiar a realización do evento deportivo, achegando a cantidade correspondente, de conformidade co disposto na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, na parte proporcional do financiamento.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00 euros.



Concello de Vigo

SEXTA.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas á celebración da “*FASE FINAL DA COPA DE EUROPA – PROXECTO EUROLIGA 3 – 2019*”, en todos os formatos, figurará o logotipo da Deputación Provincial de Pontevedra e do Concello de Vigo. As accións a desenvolver dentro da actuación, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

SÉTIMA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada.

OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.
 - o Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
 - o Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.

- o Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
- o A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A Comisión de Seguimento reunirase cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

NOVENA.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución do convenio a que o mesmo se refire, sen que en ningún caso o seu prazo de vixencia poida superar o 31 de decembro de 2019.

DÉCIMA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º.- O acordo unánime dos asinantes.
- 3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

- 4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.
- 6º.- Polo incumprimento das obrigas estipuladas no texto do convenio.



Concello de Vigo

UNDÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado;

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

4(337).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODAXE DO TÚNEL BEIRAMAR (BERBÉS-AREAL). EXPTE. 257/441.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 24/04/19, que di o seguinte:

9.- Propostas de clasificación/clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Renovación da capa de rodaxe do túnel Beiramar (Berbés-Areal) (257-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Renovación da capa de rodaxe do túnel Beiramar (Berbés-Areal) (257-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Valor da baixa
1	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	119.964,61 €
2	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	112.797,72 €
3	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	103.730,03 €
4	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	98.647,73 €
5	HORDESCON, S.L.	98.428,35 €
6	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	97.623,86 €
7	OBRAS CAMINOS Y ASFALTOS, S.A.	89.360,66 €
8	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	80.548,91 €
9	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	78.647,62 €
10	OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.	76.088,18 €
11	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.	65.485,05 €
12	ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	52.689,63 €
13	CIVIS GLOBAL, S.L.	48.556,04 €
14	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	34.186,67 €

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(338).- PROPOSTA PARA A MODIFICACIÓN DO PREZO MÁXIMO DO CONTRATO E A PRÓRROGA DO PRAZO DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE



Concello de Vigo

GAS NATURAL PARA OS COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, PAZO DE CONGRESOS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 116/441.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 25/04/19, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, a enxeñeira técnica industrial, a xefa do Servizo de Educación, a xefa do Servizo de Contratación, a letrada titular da Asesoría Xurídica, o interventor xeral e o concelleiro-delegado de Fomento Contratación e Limpeza, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 15 de novembro de 2018, entre outros asuntos acordou:

Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través do procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, do contrato de SUBMINISTRO DE GAS NATURAL PARA OS COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, PAZO DE CONGRESOS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado polo Enxeñeira Técnica Industrial en data 17 de outubro de 2018.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 08/11/18.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente o cal ascende a un máximo OITENTA E SETE MIL EUROS (87,000,00 €) IVE engadido, sendo o importe do IVE de QUINCE QUINCE MIL NOVENTA E NOVE MIL EUROS CON DEZASETE CÉNTIMOS (15.099,17 €).

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo para o ano 2.018 e 2.019, de acordo as seguintes aplicacións orzamentarias e créditos:

Distribución orzamentaria anualidades	Importes con IVE
2018(1 mes)	
Aplicación orzamentaria 3230.221.02.00.	6.661,16 €
Aplicación orzamentaria 9200.221.02.00.	15.115,70 €
Aplicación orzamentaria 9202.221.02.00.	512,40 €
Total 2018	22.289,26 €
2019(3 meses)	
Aplicación orzamentaria 3230.221.02.00.	19.338,84 €
Aplicación orzamentaria 9200.221.02.00.	43.884,30 €

Aplicación orzamentaria 9202.221.02.00.	1.487,60 €
Total 2019	64.710,74 €
Total	87.000,00 €

O prezo estimado do contrato ascende a 97.066,12 €.

Quinto.- Abrir o procedemento de adxudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente

2.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 21 de decembro de 2018, entre outros asuntos acordou; *“Adxudicar a GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, Pazo de Congresos e dependencias do Concello de Vigo (116-441) por un prezo total de 87.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.099,17 euros, e un prezo ofertado de 62.963,13 (€/cuadrimestre) do termo variable total.”*

3.- O PCAP aprobado pola XGL en data de 15 de novembro de 2018, indica no aparta do 4.a das FEC que o prazo do contrato é de catro meses, e no 4.c que pódese prorrogar polo prazo máximo dun mes.

4.- Con data 28 de decembro de 2018 formalizase a sinatura do contrato de SUBMINISTRO DE GAS NATURAL PARA OS COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, PAZO DE CONGRESOS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO, entre o Concello de Vigo e GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., indicando na cláusula nº 4 que *“o prazo do contrato é de catro meses, contado a partir do día seguinte ao da última sinatura dixital do mesmo. Está prevista unha prórroga de un mes”*.

5.- O apartado 15.a das FEC indican a posibilidade de modificación do contrato, de acordo coas seguintes circunstancias:

Poderá ampliarse ou reducirse por incorporacións de novos subministros ao contrato, ou por desaparición doutros, cando se produzan incorporacións dos novos centros escolares ou outras dependencias do Concello non contempladas no PPTP. Ou en caso contrario, cando o subministro se vexa desafectado, ou o Concello modifique o seu sistema de subministro enerxético, e dentro dos límites legais establecidos.

Un incremento da previsión de consumos indicada no prego de condicións técnicas particulares motivada por aspectos de maior uso das instalacións ou aspectos ambientais.

Un incremento producido polo prezo da enerxía primaria utilizada nas salas de produción durante a vixencia do contrato.

Así mesmo o apartado 15.d das FEC indica como límite máximo da modificación do contrato o 10% do prezo do contrato.

6.- A Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 17 de abril de 2019, acordou *“Autorizar o inicio do expediente de modificación do contrato de SUBMINISTRO DE GAS NATURAL PARA OS COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS,*



Concello de Vigo

PAZO DE CONGRESOS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO, para a modificación do prezo máximo do contrato en relación ao incremento máximo do 10 % de acordo co indicado no apartado 15.D das FEC."

II.- XUSTIFICACIÓN TECNICA E NECESIDADES:

En relación coa execución deste contrato e de acordo coa realidade da súa execución e necesario ter en conta as seguintes cuestións:

a.- En relación as necesidades que xustifican a modificación do contrato:

O vixente contrato e un contrato de subministros en función das necesidades da administración cun orzamento máximo (disposición adicional 33ª da LCSP) e de acordo aos prezos unitarios ofertados polo adxudicatario.

En relación aos consumos xa tramitados en relación ao contrato, temos que indicar que debido as condicións derivadas do usos das instalacións obxecto do contrato, así como das peculiaridades climatolóxicas do período decembro 2018-Abril 2019, leva implícito un maior consumo de gas para os sistemas de produción de calor das instalacións incluídas no obxecto do contrato polo cal e necesario proceder a solicitude da condición recollida no PCAP, de modificar o prezo máximo do contrato.

Dita condición de modificación de acordo co artigo 204 da LCSP, se atopa indicada no PCAP C "*Un incremento da previsión de consumos indicada no prego de condicións técnicas particulares motivada por aspectos de maior uso das instalacións ou aspectos ambientais*".

A previsión da modificación do prezo máximo do contrato deberá recollerse en relación ao incremento máximo do 10 % de acordo co indicado no apartado 15.D das FEC.

Esta modificación ten como referencia a seguinte estimación de incremento de consumo:

Consumo estimado para el período de 4 meses se atopaba en aproximadamente 1.364.984, KWh e no actualidade os consumos xa executados superan o dato de 1.255.000,00 Kwh, o cal implica unha previsión dun consumo superior ao máximo estimado polo cal e necesario proceder a incrementar o importe máximo do contrato para dar cabida ao incremento producido sendo necesario aplicar o 10% de incremento previsto no apartado 15.d das FEC, de acordo cos seguintes importes:

Importe máximo do contrato adxudicado:	87.000,00 €
Incremento máximo do 10 %:	8.700,00 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo para o ano 2.019, de acordo as seguintes aplicacións orzamentarias e créditos:

Aplicación orzamentaria 3230.221.02.00.	2.600,00 €
Aplicación orzamentaria 9200.221.02.00.	5.900,00 €
Aplicación orzamentaria 9202.221.02.00.	200,00 €
Total:	8.700,00 €

b.- En relación a necesidade da prorroga do prazo de execución do contrato:

Tal como se indicou no memoria xustificativa deste contrato, o mesmo foi tramitado ante a necesidade de dar continuidade ao subministro ante a resolución de quedar deserta a adxudicación tramitada e co obxecto de iniciar unha nova tramitación para un novo contrato. Na actualidade se atopa en fase de tramitación un novo expediente (261/441) para a licitación polo procedemento aberto dun novo contrato cun prazo de execución de dous anos, polo cal neste momento e necesario prorrogar o contrato vixente polo prazo previsto dun mes, tal como indica o aparta do 4.a das FEC.

Consta no expediente a conformidade da mercantil adxudicataria do contrato de prorrogar o prazo do contrato de acordo coas mesmas condicións dos pregos que rexen o presente contrato así como da oferta realizada.

III.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

1.- Normativa contractual de aplicación.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece na súa Disposición transitoria primeira que a normativa relativa aos efectos, cumprimento, extinción, modificación, duración e réxime de prórrogas, se aplicará a todos os contratos administrativos, salvo a aqueles adxudicados con anterioridade a entrada en vigor da Lei. No presente caso, segundo consta nos antecedentes, o contrato administrativo foi adxudicado con posterioridade á entrada en vigor da LCSP, o que determina que o réxime da súa modificación rexerese pola normativa vixente.

2.- Posibilidade de modificación.- O artigo 190 da LCSP establece que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Asemade, o artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos términos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;
- b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.



Concello de Vigo

A Disposición adicional 33ª da LCSP contempla nos contratos de subministros cujas necesidades estean subordinadas ás necesidades da administración, no caso en que durante a vixencia do contrato fosen superiores ás estimadas inicialmente a posibilidade de modificar o contratos nos termos previstos no artigo 204.

3.- En relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 204 da LCSP , no apartado 15 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 15.11.2018, establécese a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

Poderá ampliarse ou reducirse por incorporacións de novos subministros ao contrato, ou por desaparición doutros, cando se produzan incorporacións dos novos centros escolares ou outras dependencias do Concello non contempladas no PPTP. Ou en caso contrario, cando o subministro se vexa desafectado, ou o Concello modifique o seu sistema de subministro enerxético, e dentro dos límites legais establecidos.

Un incremento da previsión de consumos indicada no prego de condicións técnicas particulares motivada por aspectos de maior uso das instalacións ou aspectos ambientais.

Un incremento producido polo prezo da enerxía primaria utilizada nas salas de produción durante a vixencia do contrato.

Así mesmo o apartado 15.d das FEC indica como límite máximo da modificación do contrato o 10% do prezo do contrato

4.- En relación coa posibilidade de prorrogar o contrato o artigo 29.2 da LCSP, indica a posibilidade da prorroga do contrato, e o apartado 4.2 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 15.11.2018, establécese a posibilidade de prorroga de un mes.

Consta no expediente a conformidade da mercantil adxudicataria do contrato de prorrogar o prazo do contrato de acordo coas mesmas condicións dos pregos que rexen o presente contrato así como da oferta realizada.

5.- Competencia.- Corresponde á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP a aprobación do presente expediente

IV.- PROPOSTA:

A vista do antecedentes unha vez se incorporen ao expediente informe o correspondente informe xurídico, documento contable e informe de fiscalización, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro: Modificar o contrato de subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, Pazo de Congressos e dependencias do concello de Vigo, adxuciadao a GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., incrementando o seu prezo un 10 % (8.700,00 €), ascendendo o seu importe a 85.700,00 €

Segundo: Autorizar o gasto correspondente á modificación, que se distribuirá orzamentariamente da forma seguinte:

Aplicación orzamentaria 3230.221.02.00.	2.600,00 €
Aplicación orzamentaria 9200.221.02.00.	5.900,00 €
Aplicación orzamentaria 9202.221.02.00.	200,00 €
Total:	8.700,00 €

Terceiro: Aprobar a prorroga do citado contrato polo período de 1 mes, entre o 29/04/2019 ata o 28/05/2019 .

Cuarto.- Autorizar o gasto correspondente á prórroga, por un importe máximo de 21.750,00 €, IVE engadido, sendo o importe do IVE o de 3.774,79 €, que se distribuirá orzamentariamente da forma seguinte:

Aplicación orzamentaria 3230.221.02.00.	6.500,00 €
Aplicación orzamentaria 9200.221.02.00.	14.750,00 €
Aplicación orzamentaria 9202.221.02.00.	500,00 €
Total:	21.750,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

6(339).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DO AGLOMERADO NA AVENIDA ARQUITECTO PALACIOS”. EXPTE. 271/441.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24/04/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Renovación do aglomerado na avenida Arquitecto Palacios” (271-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Renovación do aglomerado na avenida Arquitecto Palacios” (271-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 17 de abril de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Renovación do aglomerado na avenida Arquitecto Palacios” (271-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Prezo ofertado
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	486.143,37 €
2	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	505.915,52 €

Orde	Licitadores	Prezo ofertado
3	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	512.600,15 €
4	OBRAS CAMINOS Y ASFALTOS, S.A.	513.796,34 €
5	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	520.576,39 €
6	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.	523.435,11 €
7	OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.	530.824,37 €
8	NAROM, S.L.	538.423,66 €
9	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	538.916,21 €
10	ASFALGAL TECNICOS VIARIAS, S.L.	554.325,87 €
11	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	573.535,19 €
12	HORDESCON, S.L.	580.993,75 €
13	ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	631.065,29 €
14	CIVIS GLOBAL, S.L.	632.570,41 €
15	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	685.132,14 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., o día 22 de abril de 2019, que presenta a documentación requirida ao día seguinte, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 24 de abril de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adjudicación deste procedemento.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa economicamente para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula de data 11 de abril de 2019.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras de “Renovación do aglomerado na avenida Arquitecto Palacios” (271-441) por un prezo total de 486.143,37 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 84.371,99 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(340).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVICIOS DE PROGRAMACIÓN E EXECUCIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN 2019. EXPTE. 8752/336.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 24/04/19, que di o seguinte:

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 17 de abril de 2019, dos licitadores que deseguido se relacionan por exceder as súas ofertas do orzamento base de licitación:

1. SERVIPLUSTOTAL, S.L. (lote 7)
2. AVENTEIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL (lote 9)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 deste procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) na seguinte orde descendente:

Lote 4 VERÁN NA PRAIA I:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVICIOS EDUCATIVOS E CULTURAI)	88,22
2	SERVIPLUSTOTAL, S.L.	87,00
3	AVENTEIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL	49,43



Concello de Vigo

Lote 5 VERÁN NA PRAIA II:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAI)	88,05
2	SERVIPLUSTOTAL, S.L.	87,00
3	BARAFUNDA, S.L.	39,36

Lote 6 VERÁN CON TEMÁTICAS ECOLÓXICAS/MEDIO AMBIENTAIS:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	UTE XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA	89,00
2	BARAFUNDA, S.L.	30,12

Lote 7 VERÁN CON TEMÁTICAS ARTÍSTICAS:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	BARAFUNDA, S.L.	69,25

Lote 8 VERÁN CON TEMÁTICAS PRE-MULTIDEPORTIVAS:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	MR. PICKWICK SCHOOL, S.L.	74,75

Lote 9 VERÁN EN INGLÉS:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	MR. PICKWICK SCHOOL, S.L.	81,75

Lote 10 CAMPAMENTO CON PERNOCTA EN VIGOZOO:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	90,00

Terceiro.- Requerir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAI) nos lotes 4 e 5, UTE XÉRMOLO

DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA no lote 6, BARAFUNDA, S.L. no lote 7, MR. PICWICK SCHOOL, S.L. nos lotes 8 e 9, e XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. no lote 10, para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

8(341).- RECTIFICACIÓN DE ERROS NO PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN DOS CAMPAMENTOS NÁUTICOS DE VERÁN APROBADO EN XGL 17/04/19. EXPTE. 8814/336.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 25/04/19, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude, e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)

–Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas

–Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 17 de abril de 2019 acordou o seguinte:

“1º.- Autorizar o gasto de 364.525,45 euros, correspondente ao valor estimado do contrato, calculado descontando o IVE ao orzamento base de licitación e para todo o periodo do contrato, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 da LCSP, así



Concello de Vigo

como os custes laborais así como as prórrogas, para a cotratación da xestión dos campamentos náuticos de verán. O orzamento para o ano 2019 será de 80.195,60 euros, que se imputará á partida presupostaria 3370.2279912 e a súa bolsa de vinculación, coa seguinte distribución presupostaria nos seguintes LOTES:

LOTES	EUROS
1	23.126,45 €
2	33.942,70 €
3	23.126,45 €

2º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da xestión dos Campamentos náuticos de Verán para o presente ano de data 12 de abril de 2019, así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo e a Memoria xustificativa do contrato da mesma data.

3º.- Acordar a apertura do procedemento de licitación para a selección de contratista/s na forma prevista na lexislación vixente, mediante a tramitación urxente".

No prego técnico figura que os medios persoais para o desenvolvemento do Lote 1 Verán Náutico 1, para un total de 200 nenos e nenas son 10 persoas e para o Lote 2 Verán Náutico 2, para un total de 320 nenos e nenas son tamén 10 persoas, cando por ratio o número de persoal para o Lote 1 Verán Náutico1(200 nenos e nenas) deberán ser 6 persoas, coa seguintes categorías:

- 1 coordinador/a, Director/a de tempo libre.(xornada completa)
- 2 monitores/as, con titulación de monitor/a de tempo libre.(xornada completa)
- 2 monitores/as específicos con formación en actividades náuticas.(media xornada)
- 1 socorrista/persoal sanitario.(media xornada)

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa advertiuse o seguinte erro aritmético no apartado 2.41 do Prego de Prescricións técnicas, o cal foi aprobado pola da Xunta de Goberno Local de 17 de abril de 2019;

- Onde dí " **2.4.1. LOTE 1:VERÁN NAÚTICO I** .-3 quendas de 10 días e 1 de 8 días c u / 50 participantes =200 participantes.

PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE.-

10 persoas por cada quenda de campamento:

- 1 coordinador/a, Director/a de tempo libre.(xornada completa)
- 2 monitores/as, con titulación de monitor/a de tempo libre.(xornada completa)
- 6 monitores/as específicos con formación en actividades náuticas.(media xornada)
- 1 socorrista/persoal sanitario. (media xornada)

debe dicir “ **2.4.1. LOTE 1:VERÁN NAÚTICO I** .-3 quendas de 10 días e 1 de 8 días c u / 50 participantes =200 participantes.**PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE.-**

6 persoas por cada quenda de campamento:

- 1 coordinador/a , Director/a de tempo libre.(xornada completa)
- 2 monitores/as, con titulación de monitor/a de tempo libre.(xornada completa)
- 2 monitores/as específicos con formación en actividades náuticas.(media xornada).
- 1 socorrista/persoal sanitario. (media xornada)”

Segundo.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de abril de 2019 no referido á aprobación do Prego de Prescricións Técnicas para a CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN DO PROXECTO DE ORGANIZACIÓN E PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE CAMPAMENTOS NÁUTICOS DE VERÁN DO ANO 2019, que quedará redactado da forma seguinte:

“1º.- Apartado 2.4.1. LOTE 1:VERÁN NAÚTICO I .-3 quendas de 10 días e 1 de 8 días c u / 50 participantes =200 participantes.

PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE.-



Concello de Vigo

6 persoas por cada quenda de campamento:

- 1 coordinador/a , Director/a de tempo libre.(xornada completa)
- 2 monitores/as, con titulación de monitor/a de tempo libre.(xornada completa)
- 2 monitores/as específicos con formación en actividades náuticas. (media xornada).
- 1 socorrista/persoal sanitario. (media xornada)”

2º.- Dar conta á oficina de contratación para os trámites oportunos”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez